



A metodoloxía de traballo cowsulting en bloques estratéxicos (1): a produción

Dámosvos a benvida a esta primeira entrega, onde imos comezar a describir polo miúdo o método de cowsulting, baseado en bloques de traballo. Sabémolo ben cando pensamos na nosa granxa e nos técnicos que pasan por ela; por iso nesta entrega centrámonos nun dos bloques fundamentais para a nosa granxa: a produción.


Manuel Fernández

Webmaster de www.cowsulting.com

Normalmente hai unha persoa ou empresa encargados de levar:

- A nutrición da granxa
- O control de reprodución
- A calidade de leite
- A xestión técnico-económica
- A saúde podal
- A xestión da recría
- O *check-list* de certificación, benestar animal e instalacións
- A patoloxía (ADS e veterinario de explotación): saúde e prevención
- Caderno de explotación agrario: xestión de cultivos
- Granxa intelixente: datos de robot de muxido e sensores

► COWSULTING PERMITE CRUZAR INFORMACIÓN CRUCIAL PARA A GRANXA QUE, DOUTRO XEITO, PERMANECERÍA OCULTA E EXPLICITÁMOLA EN FORMA DE CADROS OU DE VELOCÍMETROS



Ás veces, contrátase unha persoa como consultor estratéxico da granxa, especialmente cando esta quere crecer moi rápido e necesita accións de financiamento con bancos para a compra de animais e investimentos varios, pero a realidade é que non sempre hai conexión entre as persoas encargadas de cada un dos bloques, xa que, moitas veces, son persoas contratadas a empresas de servizos diferentes. Por iso faise difícil combinar os datos xerados en cada bloque.

Cowsulting consegue traballar os datos de cada bloque por separado e unilos nun único cadro de mandos que se visualiza nun panel de control. Permite cruzar información crucial para a granxa que, doutra maneira, permanecería oculta e explicitámola en forma de cadros ou de velocímetros (páx. seg.). ►►

Oligoelementos superiores, Resultados superiores. Definitivamente!

Nuestros minerales de alto rendimiento ayudan a mejorar: la eficiencia productiva, la salud podal, la reproducción, reducen las células somáticas, y aseguran una buena fase de transición. Con una amplia base científica que lo demuestra. No dude en contactarnos para obtener una evaluación Zinpro® FirstStep® de su granja o más información sobre nuestros productos.



Escanee el código QR para comenzar a trabajar juntos o póngase en contacto con Luis da Veiga: ldaveiga@zinpro.com
#PowerOfZinpro



AVAILA®
DAIRY



O ideal sería ter un *cowsultor* ou “consultor estratéxico”, que se dedique a observar cales deses bloques da granxa se desvían do correcto para poder propoñer reunións estratéxicas do bloque en cuestión (acuarios de traballo) onde se solucionen as lagoas detectadas. Vaia, demos co quid da cuestión, o *cowsultor* débemos axudar primeiro a saber que é o correcto, aínda que todos coñecemos parámetros estándar que se dan como bos segundo a literatura científica.

Con todo, para un *cowsultor* o obxectivo non é ter parámetros técnicos correctos, senón conseguir obxectivos económicos, e non sempre unha cousa leva á outra. Para iso dotámolo da nosa mellor ferramenta: o simulador de custos.

Poñamos un exemplo sinxelo pero moi habitual: a media de produción nunha granxa considerada como lt/vaca/día é relativamente fácil de aumentar se subimos a presión no descarte das vacas. Se eliminamos as que nos fan baixar esa media, énos máis fácil conseguila.

Para saber a nosa porcentaxe de descarte, podémola calcular de dúas maneiras:

- Poñendo no numerador o número de saídas na granxa (baixas+saídas)
- Poñendo no denominador a media de animais do ano ou período (exemplo: 90 animais o 1 xaneiro de 2022 e 110 animais o 31 de decembro de 2022 dan unha media de 100 animais)
- Dividindo numerador e denominador (e multiplicando por 100), diríanos a porcentaxe de descarte; p. ex.: 30 (baixas+saídas) dividido por un censo medio de 100 = 30 %.

Aínda que non é a forma correcta, pode valer. **Por que non é a forma correcta?** Pois porque o correcto sería dividir o numerador (baixas+saídas) polo número de animais que puideron

morrer nese período que non coincide exactamente co censo medio.

Se no canto de calculalo para un ano, o calculásemos para dous, o censo medio pode ser o mesmo (p. ex.: 90 animais de media o 1 xaneiro de 2021 e 110 animais o 31 decembro de 2022, censo medio =100) e o número de baixas o dobre (60 baixas+saídas); entón, a taxa de descarte sería de 60/100 = 60 %.

Poñamos un exemplo: un animal o 1 de xaneiro de 2022 pode ter 15 meses de vida e é unha xovenca, pero ao final de período (31 de decembro de 2022) tería xa 27 meses e sería unha vaca.

Se contamos que un animal pasa a adulto aos 24 meses, ese animal contaríase como xovenca desde o 1 xaneiro ata o 1 de setembro e contaríase como vaca dende o 1 de setembro ata o 31 de decembro, de forma que sería xovenca o 83 % do seu tempo e vaca o 17 % ou, dito doutra forma, contaríase como 0,83 vacas e 0,17 xovenca no canto de como 1 vaca. Se tivéssemos que facer ese cálculo para cada vaca volveríámonos tolos. Afortunadamente, cowsulting faíno por nós e, cando calcula a taxa de descarte, faíno desta segunda maneira, a correcta; desta forma, podemos calcular o número de animais (vaca) e o número de animais (xovenca) que tiveron oportunidade de morrer nun intervalo de tempo determinado.

A min resultoume curioso como un concepto que parece sinxelo, no fondo non é tan sinxelo de calcular. Cando a nivel informático o tes resolto, respiras profundamente.

Pero non nos desviemos do tema en cuestión: nunha granxa de 100 vacas en muxido podemos ter unha produción de 37-39 lt/vaca/día baseada nunha taxa de descarte do 35 % ou unha produción de 33-35 lt/vaca/día baseada nunha taxa de descarte do 28 %. A diferenza económica en canto a custo de recría é alta (da orde de 15.000 €/ano), aínda que a diferenza en ingresos tamén é importante, uns 7.000 litros (2 lt*100 vacas*365 días) extra que, dependendo do prezo do litro de leite a que nos paguen, suporá máis ou menos ingreso respecto do que perdemos: multiplicando os litros pola marxe por litro que teñades). Cando queirades, formule a situación para o voso caso concreto. ➡

► O FUNDAMENTAL NON É TER MEDIAS BOAS SENÓN BENEFICIOS SUFICIENTES

O TEU LABORATORIO DE CONFIANZA



ROCK RIVER LABORATORY SPAIN

MARIA HERMIDA

Análise NIR de ensilados e forraxes

Análise microbiolóxicos de ensilados, forraxes, etc...

Procesamento do gran en ensilado de millo (KPS)

Análise de micotoxinas (LC MS/ MS)

Análise de augas

Análise de terras

**Chámanos
e informámoste
sen compromiso**

Análise de purín

Pol. Ind. Lalín 2000, Parcela A 8 - LALÍN Pontevedra

T.986 597 195 / M. 629 901 290

www.rockriverlab-spain.com - maria@rockriverlab-spain.com

	SIMULADO	REAL
Tamaño rebaño (Nº Vacas)	100	100
Tasa desecho vacas (%/año)	28	35
Tasa desecho novillas (%/año)	8	8
Edad 1er parto (media en meses)	26	26
Reposición total necesaria (dif. 19%):	73 Nov	92 Nov
Rep. anual necesaria (dif. 8.8%):	34 Nov - (33.7%)	43 Nov - (42.5%)
COSTE diario novilla/día (€/d)	2.35	2.35
Días medios muerte novillas	20	20
Producción primíparas (lt/vaca/día):	30	
Precio litro leche (€/lt):	0.55	
COSTE anual dif Edad 1P + 19 novs :	15035 €	
COSTE anual por Producción:	0 €	
COSTE anual de las Bajas:	33 €	
COSTE Anual:	15068 €	

[Enviar](#)

www.cowculations.com

► NON PODEMOS ANALIZAR A PRODUCCIÓN DA GRANXA SEN TER EN CONTA A PORCENTAXE DE DESCARTE E A ESTRATEXIA DE REPOSICIÓN DESTA, PORQUE SUBINDO A MEDIA POR VACA E DÍA, ESTAMOS A PERDER BENEFICIO

Xa que logo, non podemos analizar a produción da granxa sen ter en conta a porcentaxe de descarte e a estratexia de reposición desta, porque subindo a media por vaca e día, estamos a perder beneficio.

Neste artigo concreto tan só vos quero transmitir a idea de que **é imprescindible non analizar os bloques de traballo de forma individual, senón que hai que facelo cruzando información entre eles, tal e como facemos en cowsulting.**

Para empezar, imos falar de como analizar a produción da granxa en termos xerais para poder seguir o fio do que acabamos de dicir (a media por vaca e día non é a produción da granxa, é outra cousa).

QUE É A PRODUCCIÓN

Cando dicimos que queremos coñecer a produción da nosa granxa, podemos referir a varios conceptos segundo pensemos nun momento concreto ou unha serie de tempo:

- Cal é a media por vaca e día: nun día concreto (por exemplo o día de control leiteiro) ou a media do último ano
- Cales son as entregas diarias nun día concreto ou as entregas medias no último ano (e o acumulado).

En cowsulting, e a través do noso simulador de custos, fixámonos obxectivos por granxa e ano, en termos de litros totais producidos pagos a un prezo medio concreto,

pero cumprindo uns índices técnicos concretos.

Ingresos de Leche		Dato
Vacas en ordeño	Nº	100
Lt/vaca/día:	lt	33
Tm/rebaño/año	€/año	1.205
Precio:	€/Tm	500
Total	€/año	602.500

ÍNDICES TÉCNICOS

Censo: 118 vacas: 100 lactantes + 18 secas (15 %)

Alimentación: 8,02 €/v/d, 1,4 l/kg MS

Producción: 33 l/v/d, 12.045 lt/v/ano

Personal: 2,7 UTH, 450 T/UTH/ano

Reproducción: 420 días IPP | días abertos: 135 | 27 m. EPP

Descarte de vacas: 30 %

Mortalidade: xovencas 6 %; xatas: 15 %; vacas: 6 %

Ao final, eses 33 litros que vemos como obxectivo na táboa poderémolo conseguir con máis días en leite ou con menos, sempre que cheguemos a facelo, pero temos que ter en conta que, se os conseguimos con máis días en leite, o custo previsto de alimentación 8,02 €/v/d pódense incrementar ao perder eficiencia a ración por esa interacción produción-DEL.


Por tanto, o difícil (ou quizais non tanto) é facerlles o seguimento a eses poucos índices técnicos mantendo os criterios económicos marcados.

En calquera caso, hai un parámetro máis que debemos controlar, e é o prezo ao que cobramos o leite, que tamén é un compoñente do concepto “producción”, xa que, se producimos con menos prezo do esperado, podemos ter un problema para cumprir o noso orzamento.

Sabemos que o prezo ao que nos pagan o leite ten diferentes compoñentes, como a graxa, proteína, a ca-

► PARA COÑECER A EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN DE LEITE TEMOS QUE CRUZALA COAS CALIDADES PARA PODER COMPARAR PERÍODOS E GRANXAS; NON VALE CON MIRAR SÓ CARA Á PRODUCCIÓN OU SÓ CARA ÁS CALIDADES

Gráfico 1. Composición do prezo do leite (2020)



lidade hixiénica, cantidade etc. Para cumprir o prezo medio establecido como obxectivo, temos que facer un seguimento aos parámetros da factura, tal e como se ve no gráfico 1.

En consecuencia, a evolución da produción do leite non a debemos seguir como litros producidos senón como litros corrixidos por graxa e proteína (e demais valores polos que nos paguen).

No gráfico 2 vemos a evolución anual de litros entregados por meses nun ano en litros brutos nunha granxa. ►►

Gráfico 2. Entregas de leite



Medición de emisiones de metano individual en granja hacia una descarbonización del vacuno lechero español en 2050

GO_Neowas

¿Sabes qué son las emisiones de metano?

¿Conoces su importancia ambiental y económica?

Entra en GO_Neowas y descubre este proyecto de innovación que trabaja para hacer tu programa de cría más competitivo



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN



Organismo responsable del contenido: CONAFE. Autoridad de gestión encargada de la aplicación de la ayuda FEADER y nacional correspondiente: Dirección General de Desarrollo Rural, Innovación y Formación Agroalimentaria (DGDRIFA). Presupuesto total: 249.910,69 €. Subvencionada al 100 % con fondos procedentes del Instrumento de Recuperación de la UE (Fondos Next Generation)

No gráfico 3 vemos os mesmos datos pero considerando litros entregados por meses nun ano en litros corrixidos ao 4 % de graxa e 3,5 % de proteína, máis parecido ás demandas actuais de calidades en España.

No gráfico 4 observamos o mesmo, pero corrixindo o leite ao 3,5 % de graxa e 3,2 % de proteína, concepto que se adoita usar máis en publicacións americanas para facer comparacións.

Por conseguinte, para coñecer a evolución da produción de leite temos que cruzala coas calidades para poder comparar períodos e granxas; non vale con mirar só cara á produción ou só cara ás calidades.

EVOLUCIÓN DA GRAXA E A PROTEÍNA

Cando avaliamos a evolución da graxa na nosa granxa, adoitamos facelo en porcentaxe e mirar a serie histórica para buscar tendencias (gráfico 5) e estacionalidades (gráfico 6), pero iso non é suficiente.

*Tendencia: vén dunha tendencia descendente con recuperación nos últimos meses.

Gráfico 5. Porcentaxe de graxa



*Estacionalidade: baixa moito no último semestre do ano respecto ao primeiro. ►►

Gráfico 6. Porcentaxe de graxa laboratorio oficial





Gráfico 3. Entregas de leite estandarizadas por enerxía: 4,0 % graxa e 3,5 % proteína



Gráfico 4. Entregas de leite estandarizadas por enerxía: 3,5 % graxa e 3,2 % proteína





KESSENT® y LysiGEM™

LIDERANDO UNA
GANADERÍA MÁS SOSTENIBLE

La metionina y la lisina son los dos aminoácidos esenciales más limitantes para la producción lechera en los rumiantes.

Los beneficios de la metionina y la lisina son bien conocidos pero, cuando se utilizan de forma concertada, proporcionan beneficios adicionales más allá de la suplementación con el aminoácido individual. Sin su inclusión nunca podremos llegar a maximizar ni optimizar nuestra producción.

KEMIN, como único proveedor de metionina y lisina ampliamente contrastadas, pone a su disposición KESSENT y LYSIGEM.

KEMIN
RUMINANT
ESSENTIALITIES

[kemin.com/
ruminant-essentialities](https://kemin.com/ruminant-essentialities)




O que temos que facer é multiplicalo polos litros producidos en cada momento para pasar de porcentaxe a quilos producidos e entón o gráfico ten outra pinta (ver gráfico 7).

*Tendencia: vense dentes de serra subindo e baixando case mes a mes.

*Estacionalidade: peores producións de graxa no segundo semestre.

▶ CANDO AVALIAMOS A EVOLUCIÓN DA GRAXA NA NOSA GRANXA, ADOITAMOS FACELO EN PORCENTAXE E MIRAR A SERIE HISTÓRICA PARA BUSCAR TENDENCIAS E ESTACIONALIDADES, PERO ISO NON É SUFICIENTE

Gráfico 7. Graxa (quilos totais)



O mesmo nos pasaría para a proteína (gráfico 8).

*Tendencia: nou hai tendencia clara

*Estacionalidade: clara estacionalidade (subidas e baixadas cíclicas).

Gráfico 8. Proteína (histórico)



A baixada en proteína tamén comeza no segundo semestre do ano, pero a recuperación chega moito antes (gráfico 9).


Gráfico 9. Proteína laboratorio oficial



O dato final lógrase revisando en quilos totais de proteína moito me-

nos estacional do que parece a gráfica anterior.

Gráfica 10. Proteína (quilos totais)



Entendémolo moi facilmente ven-
do os datos do Ministerio de Agricul-
tura respecto do leite producido por
comunidade autónoma:

LECHE CRUDA PRODUCIDA POR COMUNIDAD AUTÓNOMA (T.)

CA Productor	2022												2023
	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC	ENE	
Andalucía	45.764	51.084	48.539	49.464	45.079	44.568	43.403	42.168	43.927	43.307	46.267	47.500	
Aragón	14.045	15.854	15.381	16.106	15.095	14.693	14.622	13.848	13.980	13.792	14.046	14.810	
Asturias (P. de)	42.333	47.353	46.274	48.168	45.279	45.331	44.259	41.875	42.451	41.353	43.317	44.110	
Baleares (Iles)	4.065	4.475	4.174	3.701	2.921	2.497	2.297	2.267	2.654	2.900	3.421	3.718	
Canarias	3.931	4.450	4.274	4.395	4.242	4.168	4.324	3.931	3.836	3.670	3.855	3.903	
Cantabria	32.402	36.261	35.402	36.724	34.136	34.254	33.351	31.982	32.774	31.992	33.542	33.919	
Castilla - La Mancha	23.014	25.819	24.543	25.285	23.535	23.388	22.844	22.110	22.769	22.183	23.672	25.050	
Castilla y León	72.618	80.909	77.902	81.505	77.674	78.316	77.340	73.831	75.570	72.468	76.003	77.864	
Cataluña	60.354	68.311	65.075	67.351	62.086	59.554	59.448	55.311	56.849	56.792	60.868	63.455	
Extremadura	1.497	1.680	1.598	1.659	1.555	1.623	1.535	1.452	1.485	1.446	1.537	1.555	
Galicia	234.130	258.297	252.619	262.448	250.008	249.585	248.593	235.490	242.063	235.197	247.437	251.728	
Madrid (C. de)	4.659	5.035	4.798	4.934	4.652	4.610	4.523	4.334	4.387	4.325	4.614	4.612	
Murcia (R. de)	5.403	6.147	5.785	6.041	5.364	4.803	4.222	3.925	4.307	4.676	5.385	5.756	
Navarra (C.F. de)	20.155	22.500	21.775	22.563	20.680	21.040	20.739	19.906	20.380	19.436	20.842	21.466	
País Vasco	13.213	14.607	14.058	14.409	13.202	13.184	12.827	12.082	12.425	12.246	13.027	13.353	
Rioja (La)	2.201	2.407	2.371	2.377	2.078	2.120	2.143	2.026	2.111	2.088	2.209	2.238	
Valenciana (C.)	6.437	7.430	7.071	7.270	6.507	6.157	5.774	5.387	5.664	5.791	5.652	6.501	
*Otros	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Total	586.218	652.618	631.640	654.401	614.094	609.888	602.246	571.924	587.632	573.663	605.694	621.538	

* Ganaderos de otros países.

E comparándoo coas calidades
dese leite entregado: ►

CARACTERÍSTICAS CUALITATIVAS. MATERIA GRASA (%)													
CA Productor	2022												2023
	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC	ENE	
Andalucía	3.75	3.69	3.73	3.63	3.60	3.54	3.55	3.66	3.74	3.78	3.83	3.86	
Aragón	3.79	3.70	3.60	3.44	3.42	3.48	3.48	3.52	3.58	3.68	3.83	3.85	
Asturias (P. de)	3.89	3.87	3.85	3.77	3.68	3.64	3.67	3.76	3.87	3.91	3.95	3.98	
Baleares (Iles)	3.54	3.59	3.65	3.66	3.71	3.66	3.70	3.78	3.90	3.84	3.83	3.77	
Canarias	3.64	3.68	3.68	3.58	3.57	3.57	3.56	3.59	3.66	3.64	3.69	3.70	
Cantabria	3.86	3.78	3.75	3.70	3.63	3.63	3.65	3.71	3.83	3.87	3.90	3.88	
Castilla - La Mancha	3.62	3.74	3.74	3.62	3.52	3.50	3.49	3.60	3.74	3.80	3.86	3.81	
Castilla y León	3.72	3.68	3.66	3.54	3.49	3.49	3.51	3.64	3.75	3.85	3.83	3.81	
Cataluña	3.78	3.75	3.74	3.64	3.57	3.59	3.68	3.77	3.85	3.85	3.89	3.87	
Extremadura	3.77	3.76	3.76	3.62	3.59	3.50	3.54	3.63	3.75	3.85	3.91	3.93	
Galicia	3.91	3.90	3.90	3.81	3.75	3.71	3.73	3.85	3.93	3.98	3.99	3.98	
Madrid (C. de)	3.69	3.62	3.58	3.49	3.41	3.44	3.47	3.60	3.70	3.79	3.79	3.70	
Murcia (R. de)	3.49	3.52	3.55	3.41	3.35	3.48	3.44	3.52	3.67	3.70	3.70	3.66	
Navarra (C.F. de)	3.79	3.80	3.80	3.67	3.54	3.55	3.63	3.70	3.82	3.87	3.86	3.86	
País Vasco	3.96	3.93	3.91	3.81	3.69	3.72	3.69	3.78	3.88	3.93	3.95	3.94	
Rioja (La)	3.76	3.80	3.62	3.64	3.49	3.32	3.41	3.42	3.58	3.71	3.56	3.66	
Valenciana (C.)	3.69	3.65	3.62	3.53	3.42	3.45	3.49	3.63	3.78	3.78	3.86	3.84	
España	3.84	3.80	3.80	3.71	3.64	3.62	3.64	3.75	3.84	3.89	3.92	3.91	

CARACTERÍSTICAS CUALITATIVAS. PROTEÍNA (%)													
CA Productor	2022												2023
	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC	ENE	
Andalucía	3.35	3.36	3.35	3.30	3.28	3.27	3.31	3.39	3.44	3.47	3.47	3.45	
Aragón	3.40	3.37	3.35	3.26	3.25	3.26	3.26	3.34	3.38	3.49	3.45	3.50	
Asturias (P. de)	3.31	3.32	3.31	3.28	3.25	3.23	3.24	3.31	3.36	3.39	3.39	3.37	
Baleares (Iles)	3.28	3.28	3.24	3.17	3.07	3.09	3.13	3.18	3.20	3.25	3.27	3.26	
Canarias	3.41	3.43	3.38	3.38	3.37	3.38	3.39	3.41	3.44	3.44	3.45	3.49	
Cantabria	3.30	3.28	3.28	3.23	3.19	3.19	3.21	3.21	3.36	3.39	3.40	3.39	
Castilla - La Mancha	3.36	3.34	3.33	3.25	3.23	3.21	3.22	3.28	3.37	3.43	3.44	3.41	
Castilla y León	3.32	3.30	3.30	3.25	3.24	3.22	3.23	3.34	3.40	3.48	3.47	3.45	
Cataluña	3.37	3.33	3.30	3.26	3.22	3.23	3.26	3.33	3.41	3.47	3.48	3.47	
Extremadura	3.34	3.34	3.33	3.29	3.25	3.25	3.29	3.37	3.44	3.49	3.50	3.46	
Galicia	3.36	3.34	3.34	3.29	3.27	3.24	3.27	3.33	3.40	3.43	3.44	3.42	
Madrid (C. de)	3.32	3.29	3.30	3.23	3.23	3.20	3.21	3.29	3.38	3.47	3.48	3.41	
Murcia (R. de)	3.34	3.30	3.30	3.25	3.24	3.27	3.33	3.45	3.47	3.45	3.46	3.43	
Navarra (C.F. de)	3.33	3.30	3.28	3.19	3.17	3.20	3.20	3.29	3.33	3.37	3.39	3.40	
País Vasco	3.38	3.36	3.35	3.19	3.17	3.19	3.21	3.29	3.31	3.35	3.35	3.36	
Rioja (La)	3.33	3.31	3.31	3.22	3.20	3.18	3.24	3.33	3.36	3.39	3.43	3.39	
Valenciana (C.)	3.35	3.33	3.32	3.29	3.24	3.26	3.28	3.33	3.41	3.45	3.45	3.47	
Total	3.34	3.33	3.32	3.27	3.25	3.23	3.26	3.33	3.39	3.43	3.44	3.42	

caixaruralgalega.gal

A nosa caixa

Gráficos 11 e 12. Litros producidos de media por mes corrixindo por graxa e proteína




Gráfico 13. Días en leite





Gráfico 14. Curva de lactación: 0,35 €/vaca/día



Desta maneira, se facemos unha gráfica cos litros producidos de media por mes corrixindo por graxa e proteína, veremos que canto máis graxa se produce é, practicamente, cando menos litros se producen, por exemplo (gráficos 11 e 12).

A fórmula que se vai usar é elección de cada un. En Rengrati utilízase “leite corrixido renglati g4/p3.3” e pódese consultar a fórmula na propia web de Rengrati.

OS DÍAS EN LEITE

Tamén sabemos que outro factor que hai que ter en conta son os días en leite que ten a granxa nese momento. Todos sabemos que con máis días en leite se producen menos litros coas mesmas vacas e iso lastra a produción. Por tan-

to, é importante graficar os días en leite da granxa segundo a serie temporal con datos de control leiteiro (por exemplo, na granxa do gráfico 13).

E calcular o impacto que ten traballar cos 171 DEL de 2022 (vese no título da gráfica anterior) respecto de 183 en 2021 co simulador de días en leite.

Con este simulador comprobamos que estamos a perder 0,7 l/v/día, o que, se se mantén todo o ano, nos suporá un custo oculto de 7.045 € anuais (caso real). Parece que 10 días en leite non terían que ter moito impacto pero, como sabemos, a curva de lactación de cada granxa cifra o custo dos días en leite para esa granxa (gráfico 14).

CONCLUSIÓN

Estes exercicios son casos reais do sistema de traballo que seguimos en para avaliar a produción da granxa en termos reais e sempre seguindo a formulación que nos fixemos estratéxicamente co simulador económico, que cada vez usan máis granxas a través dos seus cowsultores. ■

NOTA DO AUTOR

Agardamos seguir achegando algúns datos máis e que sexan do voso interese nas seguintes entregas en *Vaca Pinta* do sistema de traballo cowsulting.